

INFORMACIÓN 1º EP INICIO CURSO ESCOLAR 2020-2021

1- Finalidade da información e aspectos xerais:

A finalidade deste escrito, que suple a reunión inicial do curso, é informar das características especiais do mesmo, seguindo o "Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021", e establecer unha relación de colaboración que favoreza o proceso educativo do alumnado.

- Calendario Escolar. Festivos e vacacións:

Actividades lectivas: do 11 de setembro do 2020 ao 22 de xuño de 2021.

Nadal: 23 de decembro do 2020 ata o 7 de xaneiro de 2021, ambos inclusive.

Entroido: 15, 16 e 17 de febreiro de 2021.

Semana Santa: Do 29 de marzo ao 5 de abril ambos inclusive.

Días non lectivos: Día do ensino declarado pola Xunta de Galicia: 7 de decembro de 2020.

Días de libre elección do centro: Pendente da aprobación por Inspección. O día proposto é o 18 de maio de 2021.

-Horario Escolar:

Será o mesmo de anos anteriores, salvo o **día 11 de setembro** que entraremos ás **12:30h**. O horario escolar queda do seguinte xeito, adiantándose dez minutos a saída, para evitar aglomeracións.

Entrada: 8:30h.-8:45h.

Saída: 13:35h.

Os titores permaneceremos nas aulas a partir das 8:30h, para recibir ao alumnado que se traslade en transporte escolar, evitando a permanencia no patio ata o comezo das clases.

O resto do alumnado, que non use os autobuses para o seu traslado, chegará ao colexio entre as 8:30h e as 8.45h e subirá ás aulas seguindo as liñas correspondentes a EP, pola entrada principal.

Utilizaremos os seguintes tramos horarios para as actividades:

- **Recreo:** 11.05 h.-11:25 h .Os recreos serán no patio de abaixo no que participarán só 1º A e 1º B, respectando os "Grupos Estables" utilizando as máscaras
- **Parva (merenda) e Hora de ler:** 11:25 h.-12:05 h.

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas. Por iso, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna e será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo nin tarde..

En canto o alumnado entre ou saia, as persoas acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas. Recomendámosvos que evitedes que os/as acompañantes sexan persoas de risco.

Apelamos á responsabilidade colectiva para que os grupos de convivencia estable teñan a maior efectividade posible.

O alumnado de 1º EP entrará polo portalón principal do colexio polo camiño sinalado para EP. Seguindo as frechas irá ata a súa aula.

Tanto ao entrar no edificio como ao chegar a aula realizarase unha desinfección de mans con xel hidroalcohólico.

O alumnado de 1ºEP sairá escalonadamente nos seguintes horarios pola porta pola que entrou:

1ºA 13:35 h Porta principal (lateral dereito mirando ao mar)

1ºB 13:35 h Porta principal (lateral esquerdo mirando ao mar)

IMPORTANTE: O alumnado de EP non poderá acceder ao recinto acompañado.

-Uso das Máscaras:

O uso de máscara será obrigatorio para todo o profesorado, persoal non docente e alumnado de EP.

O alumnado deberá utilizar **máscaras cirúrxicas ou hixiénicas**. Pola saúde de todos e todas é altamente recomendable que as máscaras ou os seus filtros estean homologados ou sigan a normativa correspondente. Deberán traer unha posta da casa e outra para cambiar logo de tomar a parva.

A máscara de recambio deberá vir gardada de xeito independente nun sobre de papel ou recipiente que cumpra as recomendacións do Ministerio de Sanidade. Deberán traer outro recipiente ou sobre como o anterior, para gardar a máscara se fose preciso nalgún outro momento da mañá.

A imposibilidade de uso de máscara deberá ser acreditada polo/a pediatra ou facultativo da persoa obrigada.

-Material Escolar:

O alumnado non compartirá o material de uso propio con ningún dos seus compañeiros e compañeiras. No seu pupitre disporá dun espazo diferenciado para o material de xeito que non poida ser manipulado por outros compañeiros.

Para o cumprimento deste aspecto, o alumnado debe traer o seu estoxo, libros e cadernos na mochila diariamente, con todo o necesario para facer as tarefas de clase e coa identificación correspondente, para que non se mesture co do resto dos nenos e nenas.

Na clase NON pode quedar ningún material escolar agás unha carpeta de gomas para gardar fichas, papeis de manualidades e folios solicitados na lista de material.

As mochilas escolares colgaranse nas cadeiras, ao igual que a roupa de abrigo, evitando o uso dos roupeiros.

-Grupos estables na aula:

Dentro da aula faremos grupos estables, seguindo a normativa vixente, de xeito que o alumnado se sentará sempre no mesmo posto e cos mesmo compañeiros e compañeiras, para o cal distribuiremos as mesas utilizando ao máximo o espazo da aula e, na medida do posible, agruparemos xuntos ao alumnado do comedor e transporte escolar.

-Ventilación e desinfección:

Faremos una ventilación da aula entre clase e clase e, sempre que tempo o permita, manteremos as ventás abertas. Igualmente faremos unha desinfección das mesas, seguindo o protocolo COVID19 establecido pola normativa vixente.

2- Áreas. Biblioteca e Informática (TIC):

-Áreas:

O horario da distribución das diferentes materias no presente curso, será flexible e se adaptará as circunstancias actuais, priorizando as normas do protocolo establecidas pola administración do COVID19.

A distribución das áreas en sesións á semana é a seguinte:

Matemáticas: 5 sesións

Lingua castelá: 4 sesións

Lingua galega: 4 sesións

Ciencias sociais: 2 sesións

Ciencias da natureza: 3 sesións

Inglés/Francés: 2 sesións

Relixión/Valores sociais e cívicos: 1 sesión

Educación Física: 2 sesións

Educación artística: Música e plástica: 2 sesión

-Biblioteca:

A mochila viaxeira este curso se cambia por dúas maletas viaxeiras con libros para fomentar o gusto pola lectura e que esta se realice en familia. Dentro levarán un caderno para anotar o voso parecer sobre o seu contido e os nenos e nenas poden realizar un debuxo e explicar que libros lles gustaron máis.

Esta iniciativa contará cos procedementos de desinfección do protocolo COVID19 e cada semana circulará unha maleta, mentres a outra quedará na aula.

A maleta permanecerá na casa durante unha semana, dende o martes ata o luns, día en que o alumnado fará a súa entrega aos titores e o martes entregaremos a outra maleta que xa estará desinfectada.

-Informática:

Na medida do posible manteremos unha sesión á semana na aula de informática onde faremos actividades variadas. Igualmente seguiremos traballando coa PDI (Pizarra Dixital Interactiva) na aula, as diferentes propostas do material didáctico, as actividades do noso blog e da Aula Virtual que implantaremos este curso.

A principio de curso identificaremos ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, para tratar de resolver esta diferenza co resto os integrantes da clase.

3.- Saídas Escolares:

As saídas escolares do presente curso, estarán vinculadas ao PDI (Programa Documental Integrado) elixido polo centro e que se dedicará a Pontedeume con motivo da Conmemoración dos 750 anos da súa fundación.

Sempre que as circunstancias e as autoridades sanitarias o permitan, faremos as seguintes saídas:

Primeiro Trimestre: Visita na Casa da Cultura á exposición: “750 Anos Construindo Pontedeume”.

Segundo Trimestre: “ Descubrindo Pontedeume” (1ª parte). Faremos un percorrido pola vila, visitando lugares vinculados á exposición do primeiro trimestre.

Terceiro Trimestre: “ Descubrindo Pontedeume” (2ª parte). Faremos un percorrido pola vila, visitando lugares vinculados á exposición do primeiro trimestre.

4- Programa alerta escolar e outros:

-Alerxias:

En secretaria debe haber constancia das alerxias ou doenzas de cada neno ou nena. Na aula tamén se deixará a información correspondente, para que o profesorado especialista e substituto teñan coñecemento da situación sanitaria do alumnado.

É importante destacar que se no centro debe constar algún medicamento, este deberá permanecer no botiquín de medicamentos e firmar unha autorización para a administración dos mesmos.

Nas saídas escolares o profesorado acompañante levará a medicación, segundo a autorización correspondente.

-Axendas:

Teñen que tela sempre na mochila. Serve de intercambio de información entre a familia e o profesorado e deben estar debidamente cubertas cos datos persoais. Se normalmente van en autobús e algún día veñen buscalos, é importante que se anote na axenda.

-Dereitos de imaxe:

Para poder sacarles fotos ou vídeos aos nenos e nenas na aula e actividades do centro, ten que estar firmada a autorización correspondente. Se algún non dispón de dereito de imaxe, por favor facede constar que non o ten.

-Comedor:

O alumnado de Primaria asistirá na segunda quenda: 13:55h a 14:25h (40 min).

O comedor limparase e desinfectarase entre quenda e quenda, realizando unha ventilación de 15 minutos.

5- Metodoloxía de traballo. Avaliación:

-Metodoloxía de Traballo:

A metodoloxía a empregar en 1º de Educación Primaria, terá en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo e será o máis dinámica e lúdica posible. Igualmente tratará de favorecer o desenvolvemento competencial dos alumnos e alumnas e partirá das aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outras máis complexas.

Faremos unha especial consideramos á atención ao benestar emocional dos nenos e nenas como un obxectivo prioritario nun primeiro momento, a calquera outro tipo de acción curricular e deste xeito facilitar que o alumnado estea nas mellores condicións para poder dar resposta á vida tras o regreso ás aulas.

A nosa base de traballo partirá do respecto ás medidas preventivas do Plan de acollida, o Plan de continxencia e o Plan de adaptación á situación COVID19 no curso 2020-2021 do noso centro.

-Que valoramos á hora de avaliar?

Farase fincapé na responsabilidade de rematar as tarefas, coidar os materiais, participar nas actividades do grupo, socialización, autonomía, respecto das normas, habilidades sociais e hábitos da vida diaria en xeral.

Valoramos a aprendizaxe dos contidos, tendo presente o traballo diario e as actividades puntuais.

Hai tres avaliacións que se corresponden coas vacacións de Nadal, Semana Santa e Verán, pero depende das circunstancias sanitarias que as mesmas se realicen nestas datas.

6.- Tutoría:

A finalidade da tutoría é favorecer a integración nos procesos de aprendizaxe, en colaboración coa familia, xa que a educación é un longo camiño que se inicia na casa e continúa no colexio, pero non se pode levar a cabo correctamente, se non hai un traballo común entre ambas partes, por iso se debe compatibilizar a educación familiar coa da escola, creando unha canle conxunta que fomente a aprendizaxe escolar.

Pola circunstancias actuais, durante o curso **non se levaran a cabo tutorías presenciais**, salvo situacións excepcionais que así o requiran. As tutorías farémolas telefónicamente ou mediante Abalarmóbil.

A educación familiar é a base que inflúe e sustenta o ensino formal e académico, razón pola cal

desde a Titoría vos presentamos unhas suxestións de traballo que podedes levar a cabo dende a casa.

-Traballo en familia:

- Crear hábitos hixiénicos e alimenticios que favorezan a súa saúde. Suxerimos que se continúe coa programación semanal da Merenda Escolar establecida o curso pasado.
- Procurar ter un sitio onde poder traballar, que non haxa ruído e poidan escribir e ler con tranquilidade.
- A elaboración dun horario en común cos nenos e nenas de tempo de estudo, de lectura e de actividades de lecer, vai poñendo os cimentos do traballo que terán que facer no futuro. O horario debe contemplar unha hora estable para deitarse cedo e poder render axeitadamente no colexio.
- Falar con eles e elas, razoar, escoitar e orientalos/as para que sexan responsables .

-Hábitos:

É importante que continúen adquirindo hábitos que lles fagan máis autónomos e autónomas, como organizar a súa mochila, tendo en conta que este curso o material escolar é individual e debe ser trasladado ao colexio diariamente.

LECTURA:

LER DIARIAMENTE CON ELES/ELAS E PARA ELES/ELAS

Trátase de que escoitemos como len as nenas e nenos e que lles leamos nós, porque así colaboramos a evitar a:

- Falta de lectura comprensiva.
- Lenta velocidade lectora
- Unha entoación non axeitada.

ESCRITURA:

As tarefas que se rematan na casa, é importante que sexan supervisadas e orientar aos nenos e nenas cara á calidade dos seus traballos, xa que iso vai colaborar a que avancen na súa aprendizaxe.

Calquera problema, dúbida ou consulta, debe ser tratado directamente coa Titora para favorecer solucións axeitadas entre todos e todas.

Saúdos e grazas pola colaboración.

Pontedeume 9 de setembro de 2020

TITORA 1º A, María Esther Pereira Vázquez

TITORA DE 1º B, Ana María Souto López